

Os Camiños de Santiago: Dende as súas orixes unha rede privilexiada do patrimonio histórico

SUÁREZ PIÑEIRO, *Ana M^a*

Universidade de Santiago de Compostela

[Recibido octubre 2010; aceptado enero 2011]

Resumo.

O Camiño de Santiago constitúe unha rede privilexiada do patrimonio histórico. En principio foi unha vía de peregrinación, pero axiña se converte tamén na expresión do poder relixioso, político e económico. O Camiño constitúe o soporte da infraestrutura dunha das políticas máis antigas de ordenación do territorio na Europa occidental. Así mesmo, un dos principais atributos do Camiño será o desenvolvemento da súa riqueza patrimonial: arqueolóxica, histórica ou artística.

Palabras clave: Camiño de Santiago, patrimonio histórico, itinerario cultural

Abstract.

The Way of St. James is a privileged network of historical heritage. At the beginning it was a pilgrimage route, but soon it also becomes the expression of religious, political and economic power. The Way is the base of one of the oldest land-use planning in Western Europe. Also, one of the main attributes of the Way will be the development of its extraordinary heritage: archaeological, historical or artistic.

Key words: Historical Heritage, Way of Saint James, Cultural Itinerary

1. O Camiño de Santiago: historia e patrimonio.

Proclamado primeiro itinerario cultural europeo polo Consello de Europa en 1987, o Camiño de Santiago é a ruta seguida por peregrinos de todas as épocas desde a fronteira franco-española ata Compostela.

O programa de Rutas Culturais foi lanzado polo Consello de Europa en 1987 co obxectivo de demostrar, mediante unha viaxe polo espazo e polo tempo, como o patrimonio dos diferentes países e culturas de Europa compartían un mesmo legado cultural. Tendo en conta a natureza específica desta categoría patrimonial, a xestión das rutas culturais implica un sistema complexo de instrumentos legais, técnicos e administrativos. Este concepto inclúe diversa riqueza cultural: monumentos, restos arqueolóxicos,

patrimonio arquitectónico, industrial e tecnolóxico, obras públicas, paisaxes culturais ou medios de transporte e outras mostras de aplicación de coñecemento específico e habilidades técnicas.

En concreto, a ruta do Camiño inclúe obras de enxeñería como pontes, obras arquitectónicas como hospitais; obras decorativas como fontes; obras simbólicas ou directamente relixiosas como catedrais, igrexas, etc. En total incorpora máis de 1.800 edificios relixiosos e civís de interese histórico.

Antes desta máxima consideración, acadou outras declaracións e así, en 1962 (Decreto do Goberno español de 5 de setembro nº 2224/62) foron incluídos no catálogo de conxunto histórico-artístico os treitos do Camiño de Puento de la Reina en Navarra; da Rioxa, Huesca e Zaragoza; de Castela e León (Burgos, León e Palencia); e de Galicia (A Coruña e Lugo).

Finalmente, pola súa riqueza patrimonial a UNESCO declarouno ben do Patrimonio Mundial da Humanidade desde 1993 (Cartaxena de Indias). Esta declaración converte o Camiño nun proxecto político oficial intercomunitario que xunta recursos, vontades políticas e europeísmo para a recuperación de infraestruturas, patrimonio e servizos, garantindo, ao tempo tamén, a calidade dun novo produto turístico (Campesino Fernández, p. 694).

Estas institucións ofrecen lexislacións e programas para a conservación do patrimonio artístico e cultural do Camiño. De feito, nas dúas últimas décadas promovéronse diversas medidas de recuperación da ruta orixinal e de recuperación de edificios e lugares vinculados á peregrinación, de apertura de centros de acollida ou de restauración e conservación do patrimonio.

O Camiño Francés é a ruta histórica por excelencia, que percorre en parte do seu traxecto o trazado da vía romana de Traxano que chegaba ata o Finisterrae atravesando a Galia. Lembremos que as calzadas eran o modelo de camiño usado por Roma para a articulación do seu Imperio.

A rede viaria foi utilizada polo exército na conquista de territorios e grazas a ela podíanse mobilizar grandes efectivos cunha rapidez nunca vista. No aspecto económico desempeñou un papel fundamental, xa que o transporte de mercancías se axilizou notablemente. As calzadas tamén tiveron grande influencia na difusión da nova cultura e na extensión por todo o Imperio da romanización.

Estas vías uniron, de xeito progresivo, as cidades de todos os puntos da Península Itálica e despois do Imperio cos centros de decisión políticos ou económicos. As viaxes eran fáciles e rápidas para a época. Pensadas, primeiro, para o uso militar, serán a orixe da grande expansión do Imperio.

En boa medida, moitas destas vías serán mantidas e impulsadas séculos despois.

Sobre as calzadas romanas sitúanse as cañadas medievais para a transhumancia gandeira que, en parte, empregan, as vías existentes xa en desuso. Un dos investigadores máis recoñecidos sobre o Camiño, Soria y Puig (1991-1992), defende que toda a tupida rede de camiños que constitúe o Camiño de Santiago é o froito da política de revitalización dos sistemas de transporte romanos no mapa peninsular da Idade Media, completados cunha decidida política de creación de novos tramos a partir do s. XI, no marco da estratexia xeral da rede de comunicacións medievais.

Os primeiros peregrinos seguirán estas vías, tanto por terra (desde os Perineos) como por mar (Cantábrico) para alcanzar o Finisterrae tras percorrer todo o norte peninsular.

Non obstante, a partir do s. IX definírase unha ruta específica promovida por diferentes intereses que a longo prazo suporá unha nova ordenación do territorio que define novos espazos. Unha das principais características que presenta a peregrinación xacobeá, e que a diferencia doutras, é o intento de fixar a nivel topográfico a ruta mantida desde antigo polos intereses de monxes, sobre todo da orde de Cluny, de monarcas e de diversas institucións oficiais.

Esta nova ruta establecerase polo interese decidido de varios poderes, en esencia dous: a Igrexa e a monarquía. De aí, precisamente, como veremos a continuación, a proliferación de edificios relixiosos (catedrais, mosteiros, capelas, etc.), así como de espazos do poder civil e económico (fortalezas, murallas, pazos, etc.).

Debúxase, deste xeito, unha vía de peregrinación que vai moito máis alá da manifestación dun culto, posto que se converte ao tempo nunha vía de expresión do poder: relixioso, político e económico.

As dificultades físicas dos puntos conflitivos do camiño (pontes, vaos fluviais, bosques e terras illadas) tiveron que compensarse con servizos básicos de acollida e apoio ao transeúnte: mosteiros, albergues, fontes, cruceiros e puntos hospitalarios, relixiosos, económicos e técnicos que supuxeron unha ruptura no desenvolvemento lineal do percorrido. Estes elementos serán, ademais, fermento de novos asentamentos de poboación á súa beira.

En todo proceso humanizador os camiños conforman os fíos condutores da articulación do territorio, entre este e as cidades, a paisaxe, os elementos patrimoniais, os usos so solo, etc. Os camiños a Santiago constitúen, deste xeito, o soporte da infraestrutura dunha das políticas máis antigas de ordenación territorial na Europa occidental e, en concreto, da

Iberia medieval. A súa base foi axustarse aos principios de axuste dos condicionamentos naturais e de uso da herdanza patrimonial existente.

2. Os patrimónios do Camiño

Un dos principais atributos do Camiño será o desenvolvemento da súa riqueza patrimonial: arqueolóxica, histórica ou artística. A estes elementos patrimoniais teriamos que engadir o patrimonio inmaterial, como a toponimia ou as lendas populares.

Os *Planes de Reforma Interior* do último cuarto do século XIX permiten a renovación urbana das áreas centrais de maior valor e prestixio social das cidades principais do Camiño, permanecendo o resto do tecido antigo fosilizado nas súas constantes medievais, definidas pola carencia de infraestruturas básicas, equipamentos comunitarios e calidade de vida.

A Lei de Protección do Patrimonio Histórico-Artístico de 1933 non chegou a constituír un instrumento de defensa dos bens inmobles pola súa consideración monumentalista da conservación desvinculada da función urbana e do valor do conxunto. A supervivencia desa medida democrática durante a ditadura explícase polo desinterese de que foi obxecto, ata a súa precipitada aplicación a fins da década dos 70 en situación de emerxencia e catalogación masiva para evitar a ruína de edificios e conxuntos.¹

Por fin, a Lei de Patrimonio Histórico Español de 1985 introduciu novos mecanismos e principios conceptuais e metodolóxicos de conservación.

A arte da peregrinación xacobeá corresponde a varios momentos históricos e culturais que van desde as culturas prerrománicas (visigoda, asturiana, carolinxa, otoniana), pasando por románico e gótico, ata renacemento e barroco. En todos os casos, o edificio da Igrexa constituirá o elemento arquitectónico dominante e máis destacado.

Vexamos, brevemente, os diferentes tipos de patrimonio que atopamos no Camiño.

Patrimonio arqueolóxico

Os xacementos arqueolóxicos da Serra de Atapuerca constitúen o patrimonio de maior antigüidade; considerado pola UNESCO Patrimonio Mundial da Humanidade desde o ano 2000.

Numerosos castros prerromanos e romanos agroman ao longo do percorrido, en particular no treito final, en terras galegas.

De entre os restos romanos sobresaen As Médulas (Ponferrada), minas de ouro explotadas a ceo aberto. Este xacemento arqueolóxico está enmarcado, ademais, nunha impresionante paraxe natural de gran valor

¹ Ata o ano 1989 dos 328 conxuntos históricos camiñeiros declarados, só 53 aparecían vinculados a diferentes rutas xacobeas (segundo Campesino Fernández, 1993, p. 688-689).

paisaxístico. Considerado pola UNESCO Patrimonio Mundial da Humanidade desde o ano 1997. Pero tampouco podemos esquecer o conxunto das ruínas romanas de Asturica Augusta (Astorga).

Doutra banda, nalgúns treitos do percorrido consérvase o pavimento orixinal, xunto cos fitos indicadores (miliarios), da vía romana coñecida como Vía Traxana. Tamén se conservan restos da Vía Aquitania nas proximidades de Carrión de los Condes.

Patrimonio artístico

Como vía de peregrinación xacobeá, o Camiño acolle algúns dos templos máis espléndidos da cristiandade e máximos exemplos do románico de peregrinación (a partir de Cluny). Entre outros exemplos, podemos lembrar as catedrais de: Pamplona, Logroño, Santo Domingo de la Calzada, Burgos, León, Astorga ou Santiago. Pero, tamén, numerosos conventos, abadías e mosteiros de especial interese relixioso, político e cultural durante a Idade Media, pola intensa actividade das ordes, dan idea da relevancia histórica desta vía de comunicación².

E a carón destas manifestacións da relixiosidade oficial atópanse algúns dos templos con maior devoción popular: a capela do Espírito Santo, en Roncesvalles, a igrexa de San Martín de Tours, en Frómista; a basílica da Trindade, en Arre; a basílica de Nosa Señora de Puy, en Estella; a basílica de San Isidoro, en León; Santa María de Eunete, en Obanos; o santuario da Virgen del Camino, en Valverde de la Virgen; o santuario de Las Angustias, en Molinaseca, ou o Santuario de Santa María a Real, no Cebreiro.

Un dos elementos máis ricos e abundantes dentro da arte relixiosa do Camiño son os retablos das igrexas góticas, renacentistas, barrocas e neoclásicas. O retablo nacera da arqueta ou arca das reliquias, cuxa tapa ao levantarse para que os fieis puidesen venerar as reliquias se desenvolve de tal xeito que serve para poñer o nome dos santos e mártires, xunto coa súa imaxe e escenas da vida e milagres. Primeiro agroman dunha maneira tímida nos retablos do s. XIV, despois xa cun formato xigantesco, no XV, con multitude de táboas, e xa nos séculos seguintes como grandes e aparatosas construcións.

Na ruta xacobeá atópanse miles de retablos desde a primeira época, de simplicidade gótica, pasando pola exuberancia do XV (San Nicolás de Burgos), os grandes exemplos renacentistas (Santo Domingo de la Calzada, Grañón, Catedral de Burgos e Astorga), ata as primeiras escenografías

² Real Colexiata de Santa María (Roncesvalles), Convento de San Francisco (Santo Domingo de la Calzada), Cartuja de Santa María de Miraflores (Burgos), Colexiata de Santa María (Vilafranca do Bierzo) e Mosteiros de Santa María la Real (Nájera), Santa María la Real de Las Huelgas (Burgos), San Benito (Sahagún), Iratxe (Ayegui), San Juan (San Juan de Ortega), San Millán de Yuso (en San Millán de la Cogolla), San Salvador de Carracedo (Cacabelos), San Zoilo (Carrión de los Condes), Santiago (Pamplona), San Xulián (Samos), e San Paio e San Martiño Pinario (Santiago de Compostela).

barrocas (Viana, Museo de Retablos en Burgos).

Xunto aos retablos deberíamos de mencionar tamén os coros de catedrais, mosteiros ou basílicas. No Camiño existen grandes exemplares destas cadeiras das que as máis antigas conservadas proceden de Gradefes, León (Museo Arqueológico de Madrid) do s. XIV. Son significativos, así mesmo, os coros de Nájera, Catedral e Cartuxa de Burgos, Catedral e San Marcos de León, e Catedrais de Astorga e Santiago de Compostela, dos séculos XV e XVI.

Pontes

Os coidadores do Camiño, tanto reis coma relixiosos, ocupáronse de construír pontes e reconstruílas. Estas pontes e pontóns eran unha estrutura de madeira colocada horizontalmente sobre o río para atravesalo, ou ben, unha estrutura de pedra con arcos de medio punto ou oxivais. Algunhas delas permaneceron e case todas son denominadas "pontes romanas", malia que na súa maioría son medievais ou reconstrucións posteriores.

Como obras de enxeñería vitais para o desenvolvemento das vías de comunicación, neste Camiño atopamos numerosas pontes iniciadas, destruídas, reconstruídas e restauradas en diferentes épocas históricas³.

Hospitais

Unha ruta pola que pasan tantas persoas precisa un sistema organizado de servizos. Os santuarios, mosteiros, igrexas, ermidas e, en xeral, todas as localidades ofreceron hospitais, albergues e lazaretos, constituíndo unha rede de servizos espirituais e materiais que ofrecían leito, teito, misa e mesa ao viaxeiro.

Hostalerías, hospitais e outros servizos asistenciais imprescindibles para atender o camiñante levantáronse ao longo dos séculos⁴. Como a ruta era durísima, moitos viaxeiros enfermaban polo que reis e relixiosos, en especial a orde beneditina, se afanaron en levantar numerosos albergues e hospitais. Os camiños axiña acolleron malaterías onde os peregrinos eran socorridos e albergados en construcións pegadas a igrexas ou mosteiros, ás veces nos mesmos templos. O rei Afonso III, xa no s. X, ou Afonso VI, no s. XI, fundaron varios mosteiros, igrexas ou casas para peregrinos.

Moitos destes establecementos chegaron ata os nosos días, aínda que moitos son empregados para funcións moi distintas ás que nunha orixe se

³ Entre outras moitas que poderíamos citar: Puente la Reina, Ponte de Hurgaitz (Irotz), Ponte de la Cárcel (Estella), Ponte de la Magdalena (Pamplona), Ponte de la Molinería (San Justo de la Vega), Ponte de la Rabia (Zubiri), Ponte de los Bandidos (Larrasoaña), Ponte de Piedra (Logroño), Ponte del Arzobispo (Villalbilla de Burgos), Ponte del Paso Honroso (Hospital de Órbigo) ou Ponte de Piedra (Mansilla de las Mulas).

⁴ Sirvan estas cifras como mostra: Burgos, 32 hospitais; León, 17; Astorga, 25, etc. Martínez García, 1993, p. 57.

pretendía.⁵

Fontes

Ao longo do Camiño establecéronse diferentes zonas de servizo de auga para satisfacer a sede dos peregrinos onde estes enchían botas de pel ou cabazas. Estas fontes son mananciais, bebedoiros ou *pilones* que servían para bestas, como lavadoiro de roupa ou para dar de beber ás persoas. Os autoresas citan con frecuencia as súas paradas nestas fontes, algunhas coñecidas co nome xenérico de Fonte do Peregrino; outras tamén conservan nomes específicos: Fuente del Piojo, Fuente de Mojapán, Lavacolla, Fuente de la Reniega, Fontesagrada, entre outras.⁶

Cruceiros

Máis dunha vez sinalouse que os cruceiros eran simples indicadores do Camiño. En realidade, esta suposición non é correcta, xa que existen desde unha determinada época por todos as rexións de España. De feito, os cruceiros non indican distancias senón lugares; a súa finalidade era conservar e cristianizar un lugar: entrada, saída, cruzamento de camiños ou praza. Están formados por unha cruz de pedra sobre un alto fuste ou columna que, pola súa vez, se apoia nun plinto en forma de escaleira. O fuste e o capitel adoitan levar figuras da Piedade ou de santos ou simples adornos. Poñer cruceiros é un costume medieval que deriva do feito de sinalar con cruces sobre unha pedra certos límites territoriais nos séculos XI e XII.

A partir das indicacións de San Vicente Ferrer, que recomentan poñer cruceiros á entrada e saída dos lugares, proliferan os cruceiros por todas España, desde o s. XIV. Non é doado atopar cruceiros anteriores a esta data. O de Roncesvalles ten inscrita a data de 1321 e con algúns de Galicia podería ser dos máis antigos conservados.

Algúns cruceiros destacan o tema xacobeo como o de Gamonal, á entrada de Burgos. Por outra banda, o cruceiro máis sinxelo e, á vez impresionante, atópase no Camiño: a Cruz de Ferro, no monte Irago (Foncebadón)⁷.

⁵ Por citar algúns característicos: Gran Hospital de Peregrinos en Roncesvalles, Hospital de La Virgen del Puente en Sahagún, Hospital de Peregrinos en San Nicolás del Real Camino, Hospital de la Reina en Ponferrada, Hospital de los Ingleses en Las Herrerías (León), Hospital de Nuestra Señora del Perdón en Cizur Menor (Navarra), Hospital de Peregrinos en San Nicolás del Real Camino.

⁶ Como elementos esenciais para calmar a sede de camiñantes e peregrinos moitas fontes regan esta vía: Fonte Ancos en Villadangos del Páramo, Fonte de la Rueda en Boadilla del Camino, Fonte de la Salud en Cacabelos, Fonte de la Trucha en El Acebo, Fonte de los Peregrinos en Logroño, Fonte de los Romeros en Azofra, Fonte de San Martín en Estella, Fonte del Crucero en Fuentes Nuevas e Fonte del Moro en Villamayor de Monjardín.

⁷ Unha simple cruz de ferro colocada no extremo dun pau de carballo suxeito por unha montaña de pedras arroxadas polos camiñantes. Aquí o o valor artístico é nulo, pero o simbólico é grande. Outros moitos cruceiros marcan o camiño: Gran Cruz dos Peregrinos en Roncesvalles, Cruceiro de Santo Toribio, en San Justo de la Vega, Cruceiro de Gonzar, Cruceiro de Avenostre, Cruceiro de Casanova, Cruceiro do Cebreiro, Cruceiro de Leboreiro ou Cruceiro de Santa María en Arzúa.

Arquitectura civil

Para protexer o peregrino houbo que levantar numerosas construcións defensivas; recintos amurallados de cidades como os de: Burgos, Logroño, Los Arcos, Pamplona, Puente la Reina, Santo Domingo de la Calzada, León ou Astorga. Nalgúns casos consérvanse aínda en bo estado as portas e os arcos que permitían o paso á cidade; por exemplo, nos casos de: Arco de la Concepción en Mansilla de las Mulas, Arco de Santa María en Burgos o Puerta del Camino (del Revellín) en Logroño. Ademais, notables fortalezas protexían o Camiño: Castelo de San Esteban (Deyo), Castelo de Zalatabor (Estella), Castelo de Trabadelo, Cidadela de Pamplona, Castelo de Ponferrada e Castelo de Pambre (Palas de Rei).

O poder político que adquiriron moitas das poboacións polas que transcorre o camiño favoreceu a construción de edificios de gran valor artístico e histórico. Entre os que acollen a Administración pública están os concellos de: Logroño, Pamplona, León, Ponferrada ou a Cámara de Comptos de Navarra en Pamplona.

Doutra banda, a prosperidade económica queda plasmada na multitude de palacios, pazos e edificios residenciais existentes.⁸

3. Os "outros" Camiños.

Los caminos del Norte quieren ser Patrimonio de la Humanidad.

Las comunidades cantábricas han editado una guía con las rutas jacobeanas que pasan por sus territorios. (Diario Vasco 25.11.10)

Este titular de xornal indica que os gobernos de Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxa e Euskadi, dentro do seu propósito de consolidar as rutas xacobeanas, buscan consolidar a candidatura para que as tres rutas que conforman o Camiño do Norte sexan cualificadas como Patrimonio a Humanidade:

- O da costa, que transcorre de leste a oeste por toda a cornixa cantábrica;
- O primitivo, que conecta o interior de Asturias con Galicia;
- O do interior que conecta Guipúscoa e Álava co camiño francés.

Na súa opinión trataríase dunha ampliación da declaración de 1993.

Con esta nova de prensa, á que poderíamos engadir outras moitas, queremos sinalar como crece o interese, por parte de todas as comunidades autónomas e, poderíamos engadir, de todas as localidades, por acadar o

⁸ Casa de Doña Urraca en Molinaseca; Palacio de los Condestables de Castela en Burgos; Palacio de los Guzmanes en León; Palacio de los Reyes de Navarra en Estella; Palacio de Torquemada en Vilafranca do Bierzo; Palacio del Patrimonial en Puente la Reina; Palacio Episcopal en Astorga; Pazo de Raxoi en Santiago de Compostela.

recoñecemento oficial do seu patrimonio tendo como recurso fundamental a ruta a Santiago de Compostela.

Non obstante, debemos deixar claro que o Camiño máis antigo, orixinal e auténtico é o Francés: os "outros" son *inventiones* dos últimos 20 anos, aínda que, por suposto, cun patrimonio artístico, histórico e cultural de seu.

Este interese por acadar o recoñecemento oficial da natureza de Camiño de Santiago ten unha consecuencia positiva para o patrimonio histórico-artístico: a súa reivindicación (revalorización) e a súa conservación. O patrimonio convértese no mellor instrumento para reivindicar a "autenticidade" e valor dos Camiños.

Como conclusión poderíamos indicar que:

- O Camiño constitúe, desde as súas orixes, unha rede privilexiada do patrimonio cultural: rico, abundante, diverso (en tipoloxías, estilos e épocas históricas) e valorado.

- O Camiño supón un aval para ese patrimonio (efecto recíproco), pero non exento de perigos: o "éxito" ameaza, de feito, o seu patrimonio.

- O patrimonio convértese no AVAL para os novos Camiños.

- O seu recoñecemento sería tamén a mellor garantía para a súa conservación pola protección legal que debe outorgar.

BIBLIOGRAFÍA.

Campesino Fernández, A. J. "Los caminos de Santiago: ciudades y recursos turísticos", en Torres Luna, M.^a P., A. Pérez Alberti, R. C. Lois González (eds.). *Congreso Internacional de Geografía. Los Caminos de Santiago y el territorio*. Santiago de Compostela, 1993, p. 667-712.

Darriba González, M. Á. "Hospitales de peregrinos, consideraciones sobre su función, en *IV Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeas. Actas*. Burgos, 1997, p. 69-72.

El Camino de Santiago: la hospitalidad monástica y las peregrinaciones, Salamanca, 1992.

Fernández Arenas, J. "La recuperación del patrimonio jacobeo: Santa María de las Tiendas", en *IV Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeas. Actas*. Burgos, 1997, p. 81-94.

Franco Taboada, J. A., S. B. Tarrío Carrodegas (dir.). *A arquitectura do Camiño de Santiago: descrición gráfica do Camiño Francés en Galicia*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

Huerta Huerta, P. L. (coord.). *Maestros del románico en el Camino de Santiago*. Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campo, 2010.

Martínez García, L. "La asistencia hospitalaria a los peregrinos en Castilla y León durante la Edad Media", en *Vida y Peregrinación*, Electa-Ministerio de Cultura, Madrid, 1993, p. 57-69.

Rabanal Alonso, M. A. (coord.) *El Camino de Santiago en León. Precedentes romanos y época medieval*. Universidad de León-Fundación Carolina Rodríguez, 2002.

Soria y Puig *et altri*. *El Camino de Santiago* I. Vías, viajes y viajeros de antaño. II *Estaciones y Señales*. MOPT, Madrid, 1991-1992.

Torres Luna, M.^a P., A. Pérez Alberti, R. C. Lois González (eds.). *Congreso Internacional de Geografía. Los Caminos de Santiago y el territorio*. Santiago de Compostela, 1993.

Vera Rebollo, J. F. "El Camino de Santiago en el contexto de las nuevas motivaciones de la demanda turística", en Torres Luna, M.^a P., A. Pérez Alberti, R. C. Lois González (eds.). *Congreso Internacional de Geografía. Los Caminos de Santiago y el territorio*. Santiago de Compostela, 1993, p. 713-724.

Yzquierdo Perrín, R. "El Camino Francés en su recorrido gallego: Obras artísticas medievales", en Torres Luna, M.^a P., A. Pérez Alberti, R. C. Lois González (eds.). *Congreso Internacional de Geografía. Los Caminos de Santiago y el territorio*. Santiago de Compostela, 1993, p. 29-53.